

INFORMACIÓN PARA ALUMNADO DE CICLOS FORMATIVOS SOBRE VALIDACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

NORMATIVA: Real Decreto 1085/2020, do 9 de decembro(BOE 30/12/20)

Modificación Real Decreto 1147/2011 do 29 de xullo.

REQUISITOS: Para solicitar validación hai que estar matriculado no ciclo e presentar unha solicitude de validación (**Anexo V ou Anexo XIV**) en prazo.

Anexo XIV: formulario de solicitude para validacións a resolver pola Dirección do centro.

Anexo V: formulario de solicitude para validacións a resolver polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

O alumnado matriculado no réxime de adultos poderá solicitar a validación de módulos nos que non estea matriculado (deberá especificar na solicitude que non está matriculado neles).

DOCUMENTACIÓN:

- Formulario de solicitude de validación que corresponda: Anexo XIV ou Anexo V (dispoñibles na páxina web do centro e na conserxería).
- Fotocopia compulsada do DNI
- Certificación oficial (orixinal) dos estudos cursados
- No caso de solicitudes que correspondan ao Ministerio é imprescindible que o/a alumno/a se registre na sede electrónica do Ministerio.

PRAZOS:

- Anexo XIV (do 8 de setembro-10 de outubro)
- Anexo V (do 8 de setembro-22 xuño)

Con preferencia as presentadas antes do 10 de outubro.

QUEN RESOLVE AS VALIDACIÓNS QUE DESEXO SOLICITAR?

VALIDACIÓNS QUE RESOLVE Á DIRECCIÓN DO CENTRO Formulario: ANEXO XIV	VALIDACIÓNS QUE RESOLVE O MINISTERIO Formulario: ANEXO V
<ul style="list-style-type: none">- Estudos LOXSE→LOXSE- Estudos LOE→LOE- Acreditación→LOE- FOL LOXSE→FOL LOE- FOL LOE→FOL LOXSE	<ul style="list-style-type: none">- Estudos universitarios oficiais (non se pode solicitar validacións de módulos de ciclos medios aportando estudos universitarios)- Estudos FP1, FP2- Estudos LOE para validar→ estudos LOXSE

CUALIFICACIÓN DOS MÓDULOS VALIDADOS:

A efectos do cálculo da nota media do ciclo, cada módulo validado incorporárase coa cualificación obtida no módulo cursado. Nos casos nos que a validación implique cursar máis dun módulo, será o resultado da media aritmética dos devanditos módulos.

No caso de estudos universitarios, estudos anteriores á LOXSE e unidades de competencia acreditadas, non levarán puntuación e non computarán aos efectos de cálculo da nota media.

OBSERVACIÓNS:

- Poña especial atención nos códigos e denominación dos módulos que solicita validar.
- Os módulos de *Formación e orientación laboral* e o módulo de *Empresa e iniciativa emprendedora*, de telos aprobados nun título LOE son validables noutro título LOE.
- Co módulo de FOL (LOE) superado poderase validar calquera módulo de FOL (LOXSE) de grao medio. Mentras que o módulo de FOL (LOXSE) de calquera ciclo de grao superior non poderá ser validado cando se achegue a superación do módulo de FOL (LOE) tanto sexa de grao medio como de grao superior,

- O módulo de FOL (LOE) poderase validar por ter superado o módulo FOL nun título LOXSE se se acredita ademais un Curso de Prevención de Riscos laborais de Nivel Básico.

- Se obtivese a acreditación de **todas** as unidades de competencia incluídas nun título LOE, mediante o procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, poderase validar tamén o módulo de *Formación e Orientación Profesional*.

- Non é posible a validación de módulos achegando unha unidade de competencia obtida pola superación de módulos profesionais do sistema educativo. Neste caso aplicarase a validación de módulos que corresponda.

- Os módulos de FCT e Proxecto (no caso de Ciclos Superiores) non son obxecto de validación.

- Os módulos que foron previamente validados non poderán ser causa de nova validación.

- **MÓDULOS COMÚNS A VARIOS CICLOS LOE:** No caso de alumnado que curse un título LOE no se inclúa un **módulo que teña o mesmo código** co cursado noutro título LOE (exemplo *módulo MP0020 "Primeiros Auxilios"* común a varios ciclos),deberá comprobar se xa figura incorporado no expediente do novo título.Neste caso non se trata dunha solicite de validación.

Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera información. Esta páxina contén información extraída da actual normativa polo **Departamento de Información e Orientación Profesional do CFP POLITÉCNICO DE LUGO**. Calquer dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vivente.